

ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN DO TITOR/ MESTRE DE ENSINO BÁSICO DO OBRADOIRO DE EMPREGO: “ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN E MELLORA FORESTAL 2021”
ACTA Nº6.-

Na sala de sesións da casa do Concello de Aranga, sita na rúa Ponte Aranga n1, 15317 Aranga (A Coruña), sendo as 09:30 horas do día 10 de febreiro de 2022, reúnen-se:

- Rosa Novoa Paseiro Secretaria- Interventora do Concello de Vilarmaior que actúa como Presidente.
- Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-interventor do Concello de Monfero , que actúa como vogal
- Ramiro Cal López , funcionario do Concello de Irixoa, que actúa como vogal.
- Ana M^aOcampo Pérez-Gorostiaga, Secretaria- Interventora do concello de Aranga, que actúa como secretaria.

Iníciase a reunión da comisión de selección para levar a cabo as valoracións dos méritos aportados polos candidatos presentados , para a selección dun Mestre de ensino básico do obradoiro dual de emprego “Actividades de conservación e mellora forestal 2021” , por mor da vacante da persoa que viña desempeñando o posto.

Durante o prazo outorgado ao efecto, presentouse documentación polos seguintes candidatos:

DNI	APELIDOS E NOME
*****704K	GARCÍA RODRIGUEZ ISABEL
*****270G	PÉREZ IGLESIAS JOSE ANTONIO

Fora do prazo outorgado ao efecto, presentou documentación:

DNI	APELIDOS E NOME
*****355Z	REY ABRODOS MÓNICA

Revisada a documentación presentada polos candidatos que aportaron a documentación en prazo, resulta que ningún deles cumpre o requisito establecido nas bases da convocatoria, de experiencia mínima de 6 meses por conta allea en tarefas de titoría e/ou docencia”.

Tendo en conta que a candidata que presenta documentación fora de prazo, si reúne os requisitos exisidos nas bases específicas da convocatoria, para ser admitida ao posto de mestra de ensino básico, e considerando que a admisión da súa instancia non perxudica aos restantes candidatos, E en aras de axilizar o procedemento de selección , propón que sexa admitida a súa solicitude, popoñendo á alcaldía :

Declarar inadmitidos os seguintes candidatos, por non reunir os requisitos específicos exisidos na convocatoria:

DNI	APELIDOS E NOME
*****704K	GARCÍA RODRIGUEZ ISABEL
*****270G	PÉREZ IGLESIAS JOSE ANTONIO

E admitir a solicitude, e declarar admitida á seguinte candidata:

DNI	APELIDOS E NOME
*****355Z	REY ABRODOS MÓNICA

De seguido o Tribunal procede á valoración dos méritos da dita candidata, resultando a valoración que consta no anexo deste acta.

As listas contidas na presente acta serán publicadas no Tablón de Anuncios da sede electrónica de Aranga e na páxina web dos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, tendo os interesados o prazo de dous días hábiles para presentar alegacións. No caso de non presentarse ningunha, quedará elevada a definitiva a proposta.

Sendo as dez e trinta minutos do día indicado, levántase a sesión .